

Idioma:

**detalle da nova**portada - **temático libre****O Cesga consegue o primeiro certificado de calidade concedido a un centro de supercomputación en España** [26/1/2006 13:25]

-Esta acreditación ten valor engadido por ser concedida a un centro público

O Centro de supercomputación de Galicia (Cesga) converteuse no primeiro centro de cálculo do Estado en obte-lo certificado de calidade ISO 9001:2000, unha acreditación que avala a eficacia dos seus sistemas de xestión na mellora continua dos seus produtos e servizos.

O acto de entrega da certificación celebrouse hai uns días nas dependencias do Cesga, en Santiago, onde o delegado en Galicia da auditora Det Norske Veritas (DNV), Luis Alejandro, entregou o certificado a representantes do centro e da Consellería de Innovación.

En declaracións a AGN, o director xerente do Cesga, Javier García Tobío, asegura que este certificado é "froito de algo máis dun ano de traballo", no que tanto as consultoras como todo o persoal do centro se implicaron para "normativizar os procesos de mellora continua nos servizos", de forma que empregados e usuarios "vaian notando ás melloras".

García Tobío considera que con este certificado se premia a capacidade do Cesga para optimiza-la xestión interna e a "adaptación ós novos escenarios a os que se están a afrontar continuamente ás novas tecnoloxías", ademais de reforza-lo seu apoio á investigación no campo das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC).

Por outra banda, o director do centro destacou que, ademais de se-lo primeiro centro español e un dos primeiros en Europa en conseguila, a acreditación ten valor engadido por ser concedida a un centro público, xa que o ISO 9001:2000 está "bastante implantado na empresa privada, pero non na pública", comentou.

ep

SANTIAGO. EP/AGN

Copiar Texto**AGN PRODUCTOS**

Rexístre en AGN contratando algún dos nosos produtos, disporá de toda a información do día que precise.

Consulte as nosas ofertas para face-la súa elección.

A maior oferta en servizos de información de Galicia.

Faga **click** nos nosos produtos e siga as instrucións para rexistrarse.

**Contacte con nós**ical
agencia de noticias
de castilla y leónacn
PRESSACNI
AGENCIA CATALANA DE NOTICIES@ragón
PRESS

VascoPress